



NOTIFICACIÓN

Órgano: Alcaldía

Día do acordo: 24-04-2025

De orde da Alcaldía, remíttolle o Decreto núm 91/2025 que se copia literalmente deseguido:

Expediente núm.: 2025/T017/000001

Asunto: CONTA XERAL 2024

DECRETO DA ALCALDÍA

Antecedentes administrativos

Expediente de aprobación da conta xeral do exercicio económico 2024. Expediente TEDEC 2025/T017/000001.

Lexislación aplicable

Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de las Facendas Locais. (TRLHL)

Esta Alcaldía ACORDA:

Primeiro: Convocar a comisión especial de contas para o vindeiro día 30 de abril de 2025, as 20:00 horas, motivada pola necesidade de ter informada a conta xeral antes do día 01 de xuño de cada ano, segundo o disposto no artigo 212 do TRLHL e coa seguinte orde do día.

1.-Aprobar a acta da comisión de contas reunida o día 25.10.2024

2. Informar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2024, pola Comisión Especial de Contas, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos documentos que obran no expediente de referencia.

3.- Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido pola Comisión especial de Contas, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante o devandito prazo, quen se estimen persoas interesadas poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, deberán ser examinados pola Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva. Á súa vez, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta Entidade.

4.- Rogos e Preguntas

Segundo: Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Alberto Javier Rey Paz, do que eu Secretario do concello, Ignacio H. Domínguez Simons, dou fe.